

## Actualizando...

ENTREVISTA. Detrás das cámaras.

Os alumnos de 5º e 6º entrevistamos a diferentes gremios dos medios de comunicación. O primeiro en disfrutar dunha interesante charla para documentarnos do seu oficio foi o xornalista Juan Codesido, que veu acompañado do reporteiro gráfico Toño Fernández. Fixémoslles as seguintes preguntas:

Juan Codesido:

-Algunha vez che censuraron algunha noticia ?

-Sí, algunha vez. Eu non decido as noticias que se van publicar, pero sí como as fago. Fai pouco entrevistei a o conselleiro da enfermidade da Hepatitis C, eu fixenlle as preguntas. Ao ensinarlla ao meu superior censurouna porque facía unhas declaracións moi duras sobre a actual conselleira de sanidade. Aínda que me enfadei moito o meu superior seguiu sen admitila. Despois intentou modificala pero eu non a aceptei, polo que aínda segue nos arquivos.

-Cal foi a noticia máis estrana que chegaches a cubrir?

-Non foi agradable: foi unha noticia que trataba dunha persoa que aparecera morta na porta da súa casa. Pois ben, mentres investigaban, sacaban fotos e iso, eu, estaba consolando ao pai do falecido . Despois descubriuse que el fora o asasino.

- Gústache ver as túas noticias despois de publicalas?

Sí, así tamén vexo os meus erros para telos presentes despois e intentar non volver a cometelos.

-Algunha vez viaxaches ao estranxeiro por un suceso? Como foi?

Sí, fai xa moitos anos. É como estar gravando no teu país natal só que un pouco máis nervioso, polo descoñecemento. Fun a Iraq e Palestina, creo que fai dez anos. A verdade é que aprendín moitas cousas, sobre o país, sobre como gravar sen poñerme nervioso, sobre como tratar con descoñecidos.

E agora a Toño Fernández:

-Por que as imaxes saen doutra cor?

Porque nós vemos a luz dunha cor fixa. Depende da temperatura, pois a cámara capta unha cor cálida se fai calor e unha fría se fai frío e unha foto non sae da mesma cor cunha imaxe tomada á sombra que con outra ó sol.

-Dache medo gravar escenas traumáticas?

Non te planteas iso, simplemente o fas. Pero cando as ves, pensas: "Meu Deus, onde estiven hoxe!"

Pola tarde, entrevistamos a Marga Pazos e Begoña, presentadora de

## Matematinando

CALENDARIO MONTESSORI

Aprendemos os días que teñen os diferentes meses do ano, colocando por cores nunha tanza, con coidadiño e paciencia, unha a unha tantas doas coma días ten cada mes.

Usámolo moito para xogar e practicar diferentes cantidades e problemas matemáticos. Como nos gusta tanto, ata lle pedimos á profe Pili que nos deixase levalo ás nosas casas para seguir xogando coas nosas familias.

MÁIS NUN LADO E MENOS NO OUTRO

Fixemos toda a clase uns grupos de tres compañeiros e compañeiras. A cada equipo déronnos dous dados de dez caras. O experimento consistía en lanzar os dous dados e sumar o resultado. Cada un dos tres compañeiros e compañeiras dividímonos o traballo deste xeito: un apunta as veces

que se tiraba, outro tiraba os dados e o último apuntaba a suma dos dados dentro dunha gráfica. O valor mínimo era o dous (xa que se sumana o 1 e o 1 de cada dado) e o valor máximo era o vinte (ó sumar 10 máis 10).

Ó inicio da actividade pensamos cal sería o resultado que máis veces ía a saír. Case todos sinalamos o 2 e o 20, pero ó final resultou ser o número 12 e o número 11, xa que eran os que máis combinacións posibles tiñan.

